

Texto: **BEATRIZ GIMÉNEZ DE ORY**

Ilustracións: **PALOMA VALDIVIA**

Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.

64 páxinas en color. Dispoñible en:

ISBN 978-84-15250-03-6

Prezo: 14 €

LOS VERSOS DEL LIBRO TONTO

**III PREMIO INTERNACIONAL CIDADE DE ORIHUELA
DE POESÍA PARA NEÑOS**

**...Soy libre, digo... Libra, digo... ¡libro!
Soy un libro, sí, sí.
Pero llevo cerrado tanto tiempo...
que así me he vuelto tanto,
me he vuelto tinta,
me he vuelto... ¡tonto!**

Acrósticos, palabras e letras bailarinas que se apropian do papel, poemas travesos que non teñen un pelo de parvos... ao contrario do que suxire o título. A obra de Beatriz Giménez é un conxunto de 25 composicións estruturadas nun principio, nun final e, entre ambos, tres partes adicadas aos "versos que fuxiron" por aire, por mar e por terra. Os primeiros tragounos un galo-veleta; os segundos atopounos a serea Flora; e os últimos recolleunos un escarabello peloteiro.

"Los versos del libro tonto" é a gañadora do III Premio Internacional Cidade de Orihuela de Poesía para Nenos, organizado pola Concellería de Educación do Concello de Orihuela e FAKTORÍA K, ao que optaron 153 traballos. O xurado valorou que se trata "dun texto circular que invita ao xogo poético de principio a fin, onde se desparrama a maxia dos versos, e os personaxes -simpáticos, divertidos e alegres- buscan a poesía ata atopar un final que pecha o texto, aproximando o libro ás mans do lector".


Unha creación literaria atractiva e orixinal que esperta a imaxinación, anima á lectura, e reivindica o valor cultural e lúdico do libro. As imaxes de Paloma Valdivia, a base de tons suaves e formas sinxelas, transmiten calidez e un contorno acolledor para gozar dos versos.

BEATRIZ GIMÉNEZ DE ORY (Madrid, 1972)

Licenciada en Filoloxía Hispánica, é profesora de Lingua Castelá e Literatura nun Instituto de Ensino Secundario de Madrid e traballou como tradutora. Publicou varios relatos literarios e colabora coa revista de poesía Nayagua. Recibiu o XI Premio Internacional Círculo Cultural Faroni de Relato Hiperbreve e o primeiro premio do VII Certame Emilio Murcia do Concello de Villatoya; foi finalista do XI Premio de Relatos El Fungible. Tamén adapta textos dramáticos para teatro escolar.

PALOMA VALDIVIA (Chile, 1978)

Estudou Deseño na Universidade Pontificia Católica de Chile, e Ilustración na Escola EINA de Barcelona. Traballa como ilustradora para editoriais, museos e medios de difusión gráficos de varios países. Tamén é asistente do artista Miguel Gallardo, profesora de ilustración en dúas universidades chilenas e guionista e ilustradora de series infantís de televisión. Recibiu o Premio Internacional BIB PLAQUE de Eslovaquia. Publicou uns 15 álbums ilustrados, entre os que destacan "Gabriela Mistral, selección poética (FAKTORÍA K) e "Os de arriba e os de abaixo" (KALANDRAKA). Reside en Barcelona.



- **Temática:** poesía infantil
- **Idade:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** III Premio Cidade de Orihuela; xogos de palabras; acrósticos; da ilustradora de "Gabriela Mistral" (Faktoria K) e "Os de arriba e os de abaixo" (Kalandraka).